

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE OUTUBRO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D <sup>a</sup> . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D <sup>a</sup> . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D <sup>a</sup> : MARGARITA DEVEESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D <sup>a</sup> : M <sup>a</sup> . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D <sup>a</sup> . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día dezaseis de outubro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA


**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/09/2008)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de setembro do ano que andamos, que logo de facer as correccións que de seguido se indican, apróbase por unanimidade dos asistentes

\*No rogo do Sr. Alvela de TEGA debe figurar " Que se estudie a posibilidade de adicar unha Reitoral para centro de día"

\*No punto 7º relativo á moción do BNG sobre do servizo de comedor do CEIP de Ortigueira, logo das intervencións de todos os grupos e antes da votación debe figurar a intervención da Presidencia solicitando a concreción da moción que se somete a votación, debendo figurar polo tanto:

"Intervén a Presidencia e solicita a concreción da citada moción, que quedaría do seguinte xeito:



1º.- Concretar o mes de inicio das obras que permitan empezar o servizo de comedor no CEIP de Ortigueira no curso 2008/2009: cos orzamentos do ano que ven, inmediatamente se aproben e en todo caso antes de xuño

2º.- Mentres tanto ofrecerlle á ANPA o local do Centro de Saúde para decembro

3º.- Mentres, poñerse a disposición da ANPA"

**2º.-Rectificación, se procede, de acordo plenario sobre obras aincluir no PCC 2008-2011**

Detectado erro no acordo adoptado polo Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día dezoito de setembro do ano que andamos, relativo á aprobación do Plan de Cooperación cos concellos 2008-2011, concretamente nos apartados 1.º) e 2.º), propónse rectificar o citado acordo, que quedaría redactado do seguinte xeito:

1.º) Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido, por orde de prioridade:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
<i>Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño</i>	109.450,36	10.945,04	98.505,32
<i>Ampliación de la red de abastecimiento en Ponte Ulla</i>	132.853,63	13.285,36	119.568,27
<i>Ampliación de saneamiento en el lugar de Matelo</i>	107.659,87	10.765,99	96.893,88
<i>Ampliación de saneamiento en el lugar de Paradela</i>	105.259,75	10.525,98	94.733,77
TOTAIS	455.223, 61	45.522,37	409.701,24

2º) Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

..../....."

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

**3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 20, reguladora da taxa polo abastecemento de auga**

Á vista da oferta económica presentada pola empresa Aguagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimiento de Auga, S.A, adxudicataria do servizo de abastecemento e saneamento no concello, cómpre adaptar as tarifas contempladas na ordenanza fiscal num. 20 reguladora do servizo de abastecemento de auga, polo que se propón:



1º.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 20, reguladora da taxa por abastecemento de auga no que se refire ás tarifas contempladas no artigo 5 da mesma, que quedaría redactado do seguinte xeito:

Artigo 5- Base imponible e cota tributaria

.....

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nas seguintes tarifas para o exercicio 2009, revisable segundo o IPC:

ABASTECIMIENTO

1.- Doméstico: cota fixa mensual 2, 87 euros

Consumo: ata 15 m3/mes: cada m3 : 0,29 euros

máis de 15 m3/mes cada m3: 0,64 euros

máis de 30 m3/mes cada m3: 0,83 euros

2.- Industrial, comercial e obras: cota fixa mensual 3,84 euros

Consumo : por m3/mes 0,44 euros

Tarifa de sobreelevación 0,00 euros

3.- Acometidas

Conservación (incluída conservación contador) : cota de 0,62 euros

Obra civil: arqueta e lonxitude de zanja de 1 a 5 mts

(apertura, cerre e reposición de pavimento):

DIÁMETRO	TERRA	ASFALTO	BALDOSA BEIRARRÚA
3/4 "	302,74	339,7	371,31
1"	321,68	365,18	387,5
1 ½ "	354	394,27	432,29
2"	390,14	428,52	468,43

Todos os prezos veranse agravados co IVE correspondente

Acometidas de máis de 5 mts farase un presuposto para cada caso

4.- Altas de contrato:


As taxas de alta a aboar no momento da sinatura do contrato establécense nas seguintes cantidades dependendo do tipo de abonado:

\*Naves industriais ubicadas en polígonos industriais.... 1.000 euros/ud

\*Promotores de dúas ou máis vivendas unifamiliares... 500,00 euros/vivenda

\*Promocións de vivendas colectivas..... 500,00 euros/ud.

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas



3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta

**4º.- Acordo, se procede, sobre modificación do regulamento interno da escola infantil municipal**

Dado que neste curso escolar 2008-2009 quedaron nenos/nenas do concello fóra da lista de admitidos na escola infantil municipal (gardería) cos conseguintes prexuízos para as familias afectadas, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda modificar o regulamento interno da mesma, no que se refire ó artigo 2, que quedaría, a proposta de dona Xosefina R. Guitián do BNG, redactado do seguinte xeito

#### Artigo 4.- Beneficiarios

Para ser beneficiario teranse en conta as seguintes condicións

4.1.- Estar empadroados no concello e residir no termo municipal a unidade familiar

Neste sentido, en caso de existir máis demanda que prazas, e sempre despois de realizada a baremación segundo os criterios aprobados pola Xunta de Galicia para as súas escolas cada curso, desempataranse as puntuacións iguais primando a maior antigüidade no empadramento

4.2.- De ter a escola municipal infantil prazas vacantes poderán atenderse solicitudes de demandantes de outros concellos ou que non reúnan os requisitos establecidos na alínea anterior. Os solicitantes de outros concellos que acaden así o ingreso, non terán dereito a reserva de praza para o seguinte curso, tendo que facer a súa solicitude cada ano como de novo ingreso


**5º.- Acordo, se procede, sobre directrices da utilización do pavillón municipal**

Dáse conta da proposta de directrices para a utilización do pavillón municipal, que se retira da orde do día en función das solicitudes dos grupos

**6º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 14, reguladora da taxa polos servizos culturais e deportivos**

Apróbase a declaración de urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da proposta de modificar o artigo 5.4 da ordenanza fiscal nº 14, reguladora da taxa polos servizos culturais e deportivos, que quedaría redactado do seguinte xeito: "No caso de existir varias solicitudes coincidentes dáselle preferencia ós alumnos matriculados en centros educativos de Vedra e ós



empadroados no concello de Vedra e no caso de entidades ás que teñan a súa sede social no concello"

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes

**7º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP sobre a comarcalización do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela**

Logo da aprobación da urxencia deste punto, por unanimidade dos asistentes, dáse conta da moción do PP sobre da comarcalización do Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela, que segundo expón o voceiro do grupo, Sr. Martínez Carrillo, logo da negociación cos distintos grupos políticos, propónse a aprobación da mesma coa seguinte parte dispositiva:

1.- Axilizar as negociacións coa Deputación da Coruña en relación ó proxecto do Parque Comarcal de Bombeiros e dar satisfacción ás nosas necesidades de seguridade

2.- Instar á Xunta de Galicia a axilizar a posta en marcha do novo Parque Comarcal de Bombeiros coa sinatura dun novo Convenio Marco

O Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a moción negociada entre todos os grupos políticos

**8º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP sobre do financiamento local**


Solicítase a declaración de urxencia deste punto que se aproba con unha abstención do BNG

De seguido dáse conta da moción conxunta do PP e do PSdeG-PSOE sobre do financiamento local, que propoñen , na súa parte dispositiva, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O compromiso que se acade debe garantir un modelo que permita dotar ós gobernos locais dun financiamento axeitado e suficiente, de forma vinculada e simultánea , á reforma do financiamento autonómico, garantindo a participación das entidades locais nso ingresos das comunidades autónomas de forma que a situación económica xeral garanta a actividade, a prestación de servizos e o exercicio das responsabilidades públicas que se realicen de un modo efectivo dende os concellos. Reiterar a necesidade de que este proceso de negociación sexa impulsado nas próximas semanas, pechándoo simultaneamente ó acordo sobre o financiamento das CC.AA.

2º.-Instar a que na reforma do modelo de financiamento local, para a distribución da participación nos ingresos do Estado, se teñan en conta os criterios de número de entidades de poboación, extensión territorial e avellentamento

3º.- Pechado o ámbito de negociación no nivel estatal, debe formularse a súa continuidade nos ámbitos territoriais entre os Gobernos das CC.AA e os partidos políticos para determinar a participación das Entidades Locais nos ingresos das Comunidades Autónomas para avanzar no proceso da 2ª descentralización



4º.- Instar a que o Goberno do Estado incremente a proposta recollida no porxecto de orzamentos de 2009 para o financiamento local

5º.- Solicitarlle ós Presidentes da Femp e da Fegamp a celebración dunhas Asembleas Extraordinarias que reivindiquen a reforma do financiamento local, a súa estabilidade orzamentaria e o saneamento das facendas locais, de foma que os Entes Locais poidan garantir ós cidadáns os servizos que necesitan en condicións de igualdade e equidade, e para acadar o peso político e institucional que corresponde ós Entes Locais como administración máis cercana.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, aproba por unanimidade a citada moción conxunta

9º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP relativa á Lei 9/2008, de medidas tributarias sobre sucesións e doazóns

Apróbase a declaración de urxencia deste punto, que se aproba con 1 abstención do BNG

De seguido dáse conta da moción do PP sobre da entrada en vigor da lei 9/2008, do 28 de xullo, de medidas tributarias sobre sucesións e doazóns, na que se propón a adopción polo Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia para que se amplíen as exencións no pago do imposto sobre sucesións e doazóns ata lograr na práctica, a supresión total deste gravame, como xa fixeron outras Comunidades Autónomas de España.

Posta a votación a citada moción rexeitase con 7 votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG e 6 votos a favor do PP e TEGA

## 10.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

### Pleno do mes de xullo:

--Os rogos do Sr. Costa do PP, a Presidencia contéstalle:


1.- Sobre do arranxo da pista de A Torre en San Xián, que o martes na comisión informativa propuxose incluila nun plan

2.- Á pregunta sobre da instalación eléctrica na Edar de San Xián, que só falta o trámite para a autorización de Industria

3.- Sobre do camiión cisterna (BULL), di que o xestiona Protección civil, que a sede está en Vilanova e as saídas que fai son as necesarias

--Á pregunta do Sr. Martínez do Carrillo do PP sobre do Parque Comarcal de Bombeiros, di que xa foi debatido o asunto nesta sesión

A Presidencia roga que se poña máis interese cando se plantexan os rogos e preguntas porque pérdese tempo na comprobación dos feitos en moitos casos, co-



mo no caso do rogo do vertedeiro na pista que vai a Yema de Oro, xa que se comprobou que non existe.

Pleno do mes de setembro:

--Ós rogos e preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da área recreativa de Agronovo, que estase a falar coa Asociación Deportiva Agronovo para asinar un convenio para a xestión da área, que por outro lado xa é a que a limpa e a cuida

2.- En canto ó motivo polo que non se colgou na páxina web do concello a convocatoria do pleno, que xa foi contestada pola concelleira encargada, dona Lucía González

Ás preguntas presentadas pola mesma concelleira no Rexistro Municipal para a súa contestación nesta sesión, a Presidencia expón:

1.- Á pregunta se o concello presentou denuncia pola escorrentía de lodos ó río Ulla procedentes das terras acumuladas no entorno das obras do AVE, di que se remitiron escritos a Adif e a Medio Ambiente de como están as obras, incluso dos recheos, e que Adif manifestou persoalmente, por medio do director das obras, que a terra acumulada estaba destinada á recuperación da zona verde do monte do Gundián, e que os lodos do Río Ulla que non procedían das obras do TAV, que incluso os do Río Pontillón, que apareceu na prensa, procedían do lavado de camións que nada tiñan que ver coas obras, e que se adoptaron as medidas necesarias para evitar as escorrentías, así como a colocación de limitadores de tonelaxe en varias pistas.

2.- Sobre da publicación dos Regulamentos de utilización das Casas de Cultura a Presidencia cédelle a palabra o Tenente de Alcalde, don José A. Sánchez de La Fuente, que intervén para manifestar que o retraso da publicación dos mesmos se debe a necesidade de completar datos no texto integro dos mesmos, como aforo e casas afectadas, pidindo disculpas, no que a él se refire, pola tardanza, ó tempo que manifesta que os datos se completaran á maior brevidade posible

--Ás preguntas do Sr. Albela de TEGA, a Presidencia contesta:

1.- Sobre do interese no campo de golf, di que interese hai pero que o tema está bastante serodio polos noticias que se teñen


--Ás preguntas do Sr. Martínez Carrillo do PP, a Presidencia contesta:

1.- Sobre do macroproxecto do campo da festa de San Miguel, di que xa está contestada

2.- En canto á pregunta sobre da zona de Ximonde, que tamén xa está contestada

3.- Sobre de se se vai acondicionar a área recreativa en Ximonde, que si pero que tamén xa foi contestada

A Presidencia volve a recalcar que compría que non se repetisen as preguntas



4.- Sobre das marcas na pista que vai ó campo da festa de San Miguel, que algunhas marcas topográficas corresponden á ampliación da pista e outras que descoñece para que son

5.- Sobre das farolas que hai na pista que vai a Caxaraville, que foron aprobadas no pleno do ano pasado

6.- Sobre do asfaltado da pista dende os Sordoños á Besada , que esa pista vai polo medio de prados, que non existen casas e polo tanto non é prioritaria

7.- En canto ó acondicionamento da fonte de Cimadevila, que a única solución é vaiala

8.- Sobre do asfaltado das pistas de Cimadevila e da Pedreira que xa está contestada

9.- Sobre das beirarrúas en Sarandón, que se está a redactar o proxecto pola Deputación Provincial

10.- Sobre do tramo da estrada entre Bograo e a Ponte de Sarandón que existe un proxecto de fai anos e que se tratará de incluír nun plan

11.- Sobre do destino das obras da igrexa de Vedra, que , en principio se destinarán a museo, tal e como figura no proxecto do obradorio de emprego

12.- Á pregunta sobre Promociones Vengalicia, a Presidencia dá unha contestación segundo os informes técnicos:

Hai un proxecto e unha licenza concedida.

En canto ás augas residuais con data 29/11/2006 Vengalicia remite copia de proposta de resolución en relación coa solicitude de autorización de verquidos de augas residuais domésticas por infiltración no terreo procedentes de 12 vivendas unifamiliares . Con data 11/01/2007 Augas de Galicia outorga a Promociones Vengalicia a autorización do verquido solicitado, polo tanto cando se outorga licenza de primeira ocupación dalgunha delas o concello ten coñecemento da instalación dunha depuradora para dar servizo a vivendas debidamente autorizada por Augas de Galicia

Dende o concello solicitouse a Augas de Galicia a remisión dos proxectos presentados por Promociones Vengalicia para a autorización emitida, dos que se remitiron parte


Non se concedeu licenza para 12 vivendas unifamiliares senón que se concederon 12 licenzas para outras tantas vivendas solicitadas de forma individual

Con data 28/06/2007 os propietarios constitúense en complexo inmobiliario privado, e no documento figura que as vivendas dispoñen de unha rede de abastecemento de auga corrente comunitaria procedente de pozo de barrena, estación de bombeo, equipo de cloración e depósito de acumulación de auga . Tense constancia de que se solicitara autorización a Augas de Galicia para abastecemento de auga.

En canto á procedencia de augas das piscinas das tres licenzas concedidas nas solicitudes non se especifica a procedencia da auga coa que se vai encher, non tendo necesariamente que proceder dos pozos

En canto ó muro dicir que se concedeu licenza para construción de muro de contención e cerramento sen que se teña constancia nas dependencias municipais de que tales obras non se executaron correctamente

## 11.- Rogos e preguntas





--Dona Xosefina R. Guitián do BNG plantexa os seguintes rogos e preguntas:

1.- O convenio para a xestión da Casa Museo Paz Camps está caducado dende xuño de 2007, e hai meses que os grupos demos o acordo para a redacción dun novo convenio? para cando estará listo o novo convenio?

2.- Cal é a situación dun convenio asinado en xuño de 2005 entre o Concello e a Escola Deportiva Ribadulla?. Prorrogouse ou non para esta temporada?

3.- Hai veciños que afirman que o servizo de recollida de lixo do concello recolle ao mesmo tempo os contenedores verdes e amarelos, mesturando o que previamente foi separado. Poden garantírnos que iso non é así, ou corrixir este feito?

4.- Hai unha serie de ordenanzas e regulamentos que xa se colgaron da páxina web, xunto cun aviso que alerta de que esa información ten carácter exclusivamente informativo e que a única versión oficial é a publicada no BOP. Xa que poñen este aviso para prever posibles erros, rogo poñan xunto a cada ordenanza e regulamento a data de publicación da mesma no BOP, para que teñamos a garantía de que o que lemos é oficial

5.- No cruce de Gatente, en Trobe, hai unha marquesina absolutamente destrozada (cristais rotos, banco roto, etc). solicito a súa reposición

6.- En xuño deste ano aprobáronse as bases para unha contratación temporal sen que estas fosen aprobadas en pleno, nin elaboradas por unha comisión con representación de todos os grupos políticos (suposto acordado para situacións de urxencia da contratación), tal e como ordena un acordo plenario de 27 de marzo. Esixo por tanto explicacións disto e solicito a convocatoria inmediata dun novo proceso selectivo para aquelas prazas nas que non se cumpriu o acordo de marzo deste ano

7.- Cando se vai expoñer publicamente a imaxe final do viaducto do AVE en Gundián?

8.- Estableceuse xa a limitación ó paso de camións de gran tonelaxe polo centro de Ponte Ulla?

9.- Onde están situadas as escombreyas?


10.- Cando podo ver o proxecto de obras do viaducto e o plan de recuperación posterior?

-- Don José Alvela de TEGA con respecto á información que aparece no boletín do mes de setembro en canto á TDT di que na parte baixa dalgunha das parroquias hai sitios que non se recibe ben o sinal e rogaría neste sentido unha colaboración co Concello de A estrada que podería ser recíproca.

Tamén solicita ser máis coidadosos ó plantexar os rogos e preguntas, pois moitas preguntas xa foron plantexadas e contestadas, incluso nas que se refiren á pequenas expropiacións para obras, que nunca se pagaron, pidíndolle ó PP que apoie a obra de San Miguel por ser necesaria e de xustiza

--Don Carlos Martínez do PP expón que eles apoian a obra e que, en calquera caso, que os rogos e preguntas que formulan as consideran necesarias ou á solicitude dos veciños

De seguido fai as seguintes preguntas e rogos:



1.- O pasado 4 de outubro no diario "El Correo Gallego" publicouse unha noticia titulada "Alcaldes al margen de la Ley"; nela facíase eco de que, segundo o Consello de Contas de Galicia, medio centenar de concellos galegos saltábanse todas as normas á hora de contratar e remunerar ós seus empregados, ó igual de que estaban na fronteira da insolvencia; expresamente citaban ó Concello de Vedra; por todo iso preguntamos si ¿é certo que o Concello de Vedra está sendo investigado polo Consello de Contas de Galicia en virtude dos motivos antes mencionados? . Achegamos copia da noticia do xornal

Intervén o Sr. Secretario-Interventor do Concello e expón que o concello remite todos os anos a documentación preceptiva e que se está nunha situación normal

2.- ¿Cómo está o tema do arranxo da entrada ó campo de fútbol de Trobe?

#### ROGOS:

1.- Rogamos se limpen todos os camiños situados ó longo do trazado da autoestrada AP-53 e lindantes coa mesma

A Presidencia di que segundo autopista eses camiños son da súa propiedade, manifestando o Sr. Martínez que entón se lle esixa a limpeza e arranxo dos mesmos.

2.- Rogamos se arranxe e limpe a pista que se sinala no plano que de achega en Santa Cruz

3.- O feito de implantar o sistema TES + BUS para levar os pacientes dende a zona de San Xián ó Centro Médico de Vedra, parece cando menos tremendamente incómodo (largas esperas para volver, xa que se vai as 9 e non se volve ata as 3 da tarde), e dende logo, entre outras cousas, nada sano para os rapaces, dado que estamos a mezclar rapaces sanos con xente que indo a un centro médico, algún seguro que vai enfermo (gripe, etc), poñendo en risco de contaxio ós usuarios

Igualmente tampouco entendemos a postura discriminatoria do Concello para poñer taxi a uns usuarios (zona de Santa Cruz) e bus s outros (zona de San Xián)

por iso rogamus se implante o servizo de taxi tamén en San Xián , e que este servizo, tanto en San Xián como en Santa Cruz, poida ser reaxustado coas suxerencias dos usuarios en canto a horas (reducindo o tempo de espera) e paradas

#### **13º.-- Rogos e preguntas veciñais**

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

Intervén dona Estela Mouriño en representación de veciños de Xián -Trobe, e pregunta

1.- De que estudos dispón o concello para dar por suposto que un só pozo de barrena é suficiente para o abastecemento de 12 familias e se non lle chamou a atención que se fala de 2 pozos e non de 1 só?



2.- Teñen licenza de primeira ocupación concedida en base a un servizo de saneamento que se basa nunha depuradora que depura por infiltración ó terreo. Non lles chamou a atención que a depuradora teña 2 tubos de saída á vái pública?

3.- Pregunta se é posible o servizo, de xeito gratuito, do camión-cisterna para o vaciado da fosa séptica, como dispoñen outros veciños

4.- Logo da comunicación de Augas de Galicia da sanción por verquidos á vía pública de augas residuais e da contestación do Concello de que é consciente dos verquidos pero que se deben exclusivamente ó ineficiente mantemento dos veciños, solicitan explicación por escrito dos fundamentos técnicos para dar esa contestación

5.- Nunha reunión co Sr. Alcalde a Comunidade de Veciños acadou do Sr. Alcalde unha serie de compromisos como abastecemento de auga nun periodo de ano e medio. Seguen esperando a celebración dunha xuntanza entre representantes da Comunidade de Veciños, o Sr. Alcalde e os servizos legais do concello , dado que existe responsabilidade subsidiaria e séntense obrigados e indefensos ante a situación que están a vivir

6.- En canto ó muro, pregunta cal a a cualificación do técnico cando o propio arquitecto de fin de obra, imprescindible para a licenza de primeira ocupación, presenta o documento "deficiencias presentes en el muro de atrás".

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta minutos

